

12400	COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE NOVOS PRODUTOS ,PROCESOS E TECNOLOXÍAS NA AGRICULTURA,A ALIMENTACIÓN E A SILVICULTURA.
	<i>Axudas para o financiamento de accións de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario,agrícola e forestal.</i> <i>Orde do 25 de febreiro de 2009 (DOG 03/03/2009)</i> <i>PRAZO DE SOLICITUDE ABERTO ata o 03/04/2009</i>
	Beneficiarios Consellos reguladores de denominacións de orixe ou indicación xeográfica protexida,cooperativas agrarias e empresas ou industrias transformadoras do sector agrario,alimentario e forestal ou da área de enerxías renovables de orixe agrícola e forestal. AXENTES COOPERANTES nas accións propostas polos beneficiarios: Produtores do sector agroforestal ,as súas asociacións e outras organizacións ou entidades relacionadas coa produción primaria e Centros de investigación e experimentación da Consellería do medio rural e centros tecnolóxicos participados por ela, así como outros centros públicos de investigación da comunidade autónoma. A duración do proxecto de cooperación será de tres anos como máximo.
	Actividades Subvencionables Iniciativas de cooperación que ofrezan: -Saídas alternativas ou que incrementen o valor engadido dos produtos agrarios e os seus transformados acollidos aos distintivos de calidade diferenciada, así como os obtidos mediante sistemas de produción integrada ou ecolóxica e os seus transformados. -A introdución de novos produtos ,procesos ou tecnoloxías para o desenvolvemento de fontes renovables de enerxía de orixe agraria e forestal. Conceptos subvencionables: custos de persoal e custos de execución do proxecto (material inventariable, adecuación ou mellora de infraestruturas e equipamento, servizos tecnolóxicos externos, material funxible e viaxes relacionados coa execución do proxecto). Colaboracións externas cos axentes cooperantes que inclúan os conceptos sinalados.
	Axuda -Contía máxima de 200.000 €, que pode chegar a cubrir o custo total da actividade.As contías concretas determinaranse en función do concepto subvencionable.
	Unidade xestora SX Formación e Transferencia Tecnolóxica.